CCPF CGAI

Filmoteca

Sesión do 25 de outubro de 2021

Masacre: Ven e mira

Idi i smotri. Unión Soviética, 1985. Cor, 136 min. Bélico | **Dirección:** Elem Klimov | **Guión:** Elem Klimov, Ales Adamovich | **Fotografía:** Aleksei Rodionov | **Música:** Oleg Yanchenko | **Elenco:** Aleksei Kravchenko (Flyora), Olga Mironova (Glasha), Liubomiras Laucevicius (Kosach), Vladas Bagdonas (Rubezh) | **Produción:** Mosfilm, Belarusfilm

SINOPSE

Baixo a aparencia dunha película de encomenda para celebrar o 40º aniversario da vitoria aliada na Segunda Guerra Mundial, agóchase unha alucinada experiencia, un itinerario tráxico, impregnado de realismo sucio e mirada subxectiva. A través dos ollos dun adolescente progresivamente endurecido polo sufrimento, asistimos á matanza sistemática dos habitantes das aldeas bielorrusas, máis de 600, durante esta guerra.

NOTAS DO DIRECTOR

Achegábase o 40º aniversario da Gran Vitoria e a administración quería algo típico. Eu estivera lendo e relendo o libro *Son da aldea queimada*, que consistía nos relatos de primeira man das persoas que milagrosamente sobreviviron aos horrores do xenocidio fascista en Bielorrusia. Moitos deles aínda estaban vivos daquela e os bielorrusos lograron gravar algúns dos seus recordos nunha fita. Nunca esquecerei a cara e os ollos dun labrego e o seu recordo silencioso sobre como todo o seu pobo fora amoreado nunha igrexa e como xusto antes de que fosen queimados, un oficial do Sonderkommando ofreceulles: "Quen non teña fillos, pode irse". E el non puido soportalo; foise e deixou atrás á súa esposa e nenos pequenos... Ou sobre como outra aldea foi queimada: os adultos foron conducidos a un celeiro, pero os nenos quedaron atrás. E máis tarde, os homes bébedos foron rodeados por cans e deixaron que esnaquizasen aos nenos.

Logo pensei: o mundo non sabe nada de Khatyn. Oíron falar da masacre dos oficiais polacos que tivo lugar alí, pero non saben nada de Bielorrusia, a pesar de que máis de 600 aldeas foron queimadas aquí.

Entón decidín facer unha película sobre esta traxedia. Entendín perfectamente que o filme ía ser duro. Decidín que o papel central do raparigo da aldea, Flyora, non o interpretaría un actor profesional, que ao mergullarse nun papel difícil podería protexerse psicoloxicamente coa súa experiencia e a súa técnica. Quería atopar un mozo sinxelo de 14 anos de idade. Tivemos que preparalo para as experiencias máis difíciles, logo capturalas na película. E ao mesmo tempo, tivemos que protexelo das tensións de modo que non acabase nun manicomio despois da rodaxe; devolvímosllo á súa nai san e salvo. Lyosha Kravchenko acabaría por converterse nun bo actor e todo sucedeu sen problemas.

Entendín que sería unha película moi brutal e, probablemente, o público non sería quen de vela. Falei disto co coguionista, o escritor Ales Adamovich, quen loitara cos partisanos de adolescente, e el respondeume: "Pois que non a vexan. Isto é algo que debemos deixar como legado, como evidencia da guerra e como unha alegación en favor da paz".

NOTAS DA PELÍCULA

A rodaxe retrasouse 8 anos porque o Comité Estatal de Cinematografía (Goskino) non aceptou o guión, ao consideralo demasiado realista e propaganda da "estética da suciedade". Canda a isto, a morte da súa esposa Larisa Shepitko, tamén cineasta, obrigou a Klimov en 1979 a centrarse antes no proxecto que comezara con ela e que sería a súa película *Adeus a Matiora* (1983). Finalmente, en 1984, Klimov puido comezar a filmar sen censura.

A película rodouse en orde cronolóxica durante nove meses. Para crear o máximo sentido da inmediatez e hiperrealismo, Klimov e o seu cámara Rodionov empregaron cores naturalistas, pantalla ancha e moitas tomas con Steadicam. O filme está cheo de primeiros planos extremos de rostros, non se aparta dos desagradables detalles de carne queimada e cadáveres ensanguentados e as armas a miúdo estaban cargadas con munición real en troques de balas de fogueo (Aleksei Kravchenko mencionou que as balas ás veces pasaban a só 10 centímetros da cabeza, como na escena das vacas). Ao mesmo tempo a posta en escena é fragmentaria e disxunta: hai descontinuidades entre planos xa que os personaxes aparecen de preto e despois desaparecen fóra de plano.

A banda sonora é ritmicamente música amorfa composta por Oleg Yanchenko, mesturada nalgúns momentos clave con pezas clásicas de compositores alemáns ou austríacos, coma *O Danubio azul* de Johann Strauss ou a *Obertura de Tannhäuser* e *A cabalgata das valquirias* de Richard Wagner. A conclusión da película utiliza a *Lacrimosa* do *Réquiem* de Mozart. A canción de marcha soviética *A guerra sacra* tamén aparece na película.

Ven e mira leva recibindo eloxios da crítica desde a súa estrea, acadando o premio FIPRESCI no 14º Festival de Moscova. Desde entón é considerada unha das mellores películas de todos os tempos. En 2017, foi restaurada baixo a supervisión de Karen Shakhnazarov. Gañou o premio do Festival de Venecia á mellor película restaurada e volveu estrearse en varios cinemas independentes europeos.

Mércores 27: Outra rolda · Thomas Vinterbeg | Luns 1: sen sesión por ser festivo